

Respostas dadas a certas cuestións formuladas por empresas respecto dos pregos da contratación administrativa para a subministración dun automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra (renting)

**Cuestión 1:**

¿Pódense meter catálogos e modelo do vehículo ofertado tanto no sobre B como no C? (Xa que no mesmo aparecen datos que se teñen que xustificar en ambos sobres, pero datos que son puntuables mediante formulas)

**Resposta:**

Segundo a cláusula sexta (documentación e contido), do prego de cláusulas administrativas, no **Sobre B** (documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor), se debe incluír a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 15 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 16 do cadro de especificacións.

**Neste sobre B non se poderá incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían baseándose nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, a cal debe incluírse no sobre C.**

**O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.**

No Sobre C (documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas), deberase incluír a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 15 do cadro de especificacións.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 17 do cadro de especificacións.

**O único dato que pode aparecer nun catálogo relativo a un criterio matemático é o emisión de CO<sub>2</sub>, valorado cun máximo de 5 puntos, de acordo coa fórmula  $P_i = (5 \cdot MO) / O_i$ .**

**Dado que ese simple dato non permite coñecer por si mesmo a puntuación que obterá a empresa por ese subcriterio, non será motivo de exclusión se é coñecido no sobre B.**